
GALICIA

ACHEGAS DOS USUARIOS
A mapa, de acceso gratuíto, estará dispoñible este verán e irá ampliándose coas achegas dos usuarios e novas investigacións

MAPA DE FOSAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA EN GALICIA



† CEMITERIOS CON MÁIS DE 10 CORPOS

A CORUÑA
San Amaro (A Coruña)
Vilarraso-Aranga (A Coruña)
Beira (Carral)
Betanzos
Canido (Ferrol)
Serantes (Ferrol)
Mugardos
Rianxo
Boisaca (Santiago)
O Val (Narón)
Trasancos (Narón)
Pontedeume

PONTEVEDRA
Sestás (A Guarda)
Camposancos (A Guarda)
Baiona
Oia
Lavadores-Puxeiros (Vigo)
Pereiró (Vigo)
Teis (Vigo)
O Porriño
San Mauro (Pontevedra)
Os Eidos (Redondela)
Illa de San Simón (Redondela)
Xinzo (Ponteareas)
Tebra (Tomiño)
Tenorio (Cotobade)
Tui
Vilagarcía
Cesantes
Cangas

LUGO
Lugo
Monforte
Montecubeiro (Castroverde)
Ribadeo
Sta Mª Lagostelle (Guitiriz)
Mondoñedo

OURENSE
Maceda
San Francisco (Ourense)
Ribadavia
Celanova

† CEMITERIOS CON MENOS DE 10 CORPOS

A CORUÑA
As Pontes
Ames

PONTEVEDRA
A Estrada
Ponteareas
O Rosal
Vilagarcía

LUGO
Mondoñedo
Rábade

OURENSE
A Bola
Viana do Bolo

FOSAS

PONTEVEDRA
Filgueiras (Crecente)
Curro (Barro)
Xeve (Pontevedra)
Mos
San Salvador de Budiño (O Porriño)

OURENSE
Poula do Martiño (A Gudiña)
Lombo do barco (Castro do Val)
Soulecín (O Barco de Valdeorras)

LUGO
Monte A Penela (O Vicedo)
Cereixido (Quiroga)
O Acivo (Fonsagrada)
Chao-Candedo (Ourol)
Torrentes-Cortapezas (Portomarín)
San Mamede de Río (Portomarín)
Seoane do Courel (Folgoso do Courel)
O Incio
Remeite (San Clodio de Ribas de Sil)

A CORUÑA
O Amenal (O Pino)
Praia da Frouxeira (Valdoviño)

Fonte: Proxecto 'Nomes e Voces' USC / **Infografía:** Silvia Cancela

O PROXECTO UNIVERSITARIO 'NOMES E VOCES' COLABORARÁ CO MINISTERIO DE XUSTIZA, QUE NON RECIBIU DATOS DO GOBERNO GALEGO

A USC publicará en internet o mapa de fosas que a Xunta rexeitou elaborar

Os usuarios poderán consultar enterramentos, lugares de morte e de represión de 1936 a 1939

DANIEL PRIETO
GALICIA
galicia@xornaldegalicia.com

O prestixioso proxecto de investigación *Nomes e Voces*, no que participan as tres universidades galegas, con sede na Facultade de Historia da Universidade de Santiago de Compostela (USC), publicará en internet, no prazo de seis meses, diversos mapas nos que se reflectirán as fosas comúns de represaliados rexistradas en Galicia. Así, a USC fará o traballo que declinou facer a Xunta do PP, que foi convidada hai un ano a asinar un convenio co Ministerio de Xustiza para facilitar datos de represaliados en Galicia cos que elaborar un mapa de fosas a nivel estatal.

De feito, os investigadores galegos xa ofreceron a súa colaboración ao Ministerio, nunha xuntanza celebrada esta semana en Madrid, e

> Os datos que van saír de Galicia no mapa estatal serán os deste proxecto

os "poucos datos que van saír de Galicia, serán os que nós lles pasamos", segundo explica un dos integrantes do proxecto.

Esta ferramenta, demandada polos cidadáns que ignoran o paradoiro dos seus familiares desaparecidos durante a Guerra Civil e a ditadura, poderase consultar "en breve" na rede, segundo fontes do Ministerio de Xustiza. A previsión é que xa estea dispoñible o próximo mes. Cataluña, País Vasco, Andalucía, Estremadura, Castela-A Mancha, Aragón, Cantabria e Asturias si subscribiron este acordo, no que non participou ningunha comunidade gobernada polo PP, entre elas Galicia, que agora figurará no mapa estatal de fosa grazas ao traballo de *Nomes e Voces*.

"XEOGRAFÍA DA REPRESIÓN"

Malia que o Goberno galego decidiu non secundar esta iniciativa, contemplada na Lei de Memoria Histórica, os galegos tamén poderán acceder de xeito gratuíto na páxina web do proxecto (www.nomesevoces.net) "a xeografía da represión", en palabras do historiador Dionisio Pereira. A través de varias fichas, poderanse consultar os enterramentos, os lugares de morte e os lugares de represión.

A primeira clasificación inclúe as fosas en campo aberto e os cemiterios (as que figuran no gráfico superior); a segunda refírese aos espazos nos que tiveron lugar as represalias con resultado de morte e o terceiro